


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

18 - 19 de abril do 2020

II DOMINGO DE PASCUA (na casa)



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa)

Nota: Outros anos neste domingo era a presentación do cirio pascual nas parroquias.

Este ano farémolo nas propias casas, por iso convén ter preparada unha vela.

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Hoxe aquí, na casa, neste tempo de pandemia, queremos vivir, coma o fixo a primeira comunidade cristiá, un encontro co Resucitado, queremos sentir a súa calor á nosa beira, queremos descubrir a súa luz presente no medio de nós, queremos escoitar a súa palabra, e queremos compartir o pan e facer comunidade con el.

O saúdo que hoxe fai Xesús aos seus amigos é PAZ.

Necesitabamos escoitar esta palabra nestes momentos en que todos nós estamos desacougados despois de tanto tempo vivindo este estado de alerta pola enfermidade.

Enchamos o noso corazón de PAZ para vivir esta celebración e sintamos a calor da Pascua que nos recorda o vivido na derradeira Vixilia Pascual.

🎵 *A Cristo cantamos na luz*

(Acéndense a vela)

Monitor/a

Acendemos esta vela na nosa casa en recordo do cirio pascual. Nel vivíamos o lume de encontro e de calor de fogar; era lume de comunidade, agora acollémolo aquí para que nos queza o corazón, nestes días que se sente frío e necesitado do encontro cos demais.

Señor Xesús,
que o lume pascual nos alonxe das frialdades que nestes días se fan á nosa beira.
Que o lume pascual queza no noso interior para sentir que a vida sempre vale a pena, aínda que ás veces o noso bo facer se enfríe, ou se conxele de rutina e egoísmo.

🎵 **A Cristo cantamos na luz**

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración coa oración que xunta as nosas intencións ante o noso Pai Deus.* (silenzo)

Deus de eterna misericordia, ti dásnos azos na fe de fogar e de pobo coa celebración da Pascua. Fai medrar en nós a calor do lume pascual para que comprendamos mellor que grandes son o bautismo que nos dá vida, o Espírito que nos fai renacer e o Amor que nos redimiu. Pedímoscho por Cristo noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *No comezo da pascua somos invitados a superar a nosas actitudes derrotistas e desalentadoras. Os textos que agora proclamamos vannos amosando que as actitudes dos primeiros cristiáns eran a esperanza, a alegría, a confianza, a perda do medo. escoitemos porque moito nos pode dicir.*

No Leccionario I A páxina 143

LECTURA

LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Os irmáns eran perseverantes en escoitar a ensinanza dos apóstolos, na comunión da vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións. Apoderouse de todos o respecto, pois os apóstolos facían moitas marabillas e sinais. Todos os crentes vivían unidos e tiñan todo en común: vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme ás necesidades de cada un. Todos xuntos asistían diariamente ao templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; louvaban a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo. Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ao grupo.

Palabra do Señor

🎵 **Acharte presente na vida**

SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

- Paz convosco.

Dito isto, mostroulles as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor.

El díxolles outra vez:

- Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

- Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xémeo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dicíanlle entón os outros discípulos:

- Vimos o Señor.

Pero el contestoulles:

- Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

- Paz convosco.

Despois díxolle a Tomé:

- Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.

Tomé respondeulle:

- ¡Meu Señor e meu Deus!

Xesús díxolle:

- Tes fe porque me viches? ¡Benaventurados os que creron sen veren!

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Monitor/a Nos vindeiros domingos estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe pascual. Cada semana imos ter ocasión de deixarnos encher da vida na:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante En todos estes días de Pascua, acompañaranos un taboleiro que nos quere axudar a afondar en todo o que a Pascua é para nós.

Hoxe o signo é PASCUA NO LUME, na LAREIRA, no FOGAR.

Como proposta deste momento intentaremos traer da memoria o que para nós son os recordos da lareira (algúns serán pasados xa no tempo, outros cheos de presente, e mesmo poida que para alguén sexan novidade). Contemos cousas que nos lembran os tempos da lareira, os cheiros a fume, as sopas de burra cansa (viño tinto quecido con azucre e unhas codias de pan de millo), os contos das avoas, as partidas de cartas á beira do lume, o ruído do vento na cheminea ...

Monitor/a

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

PASCUA NO LUME CALOR DE FOGAR E DE AMOR

O lume é imaxe
de calor familiar.
A lareira e o seu crepitar
ilumina a vida, afasta o frío,
dá alegría
e sensación de benestar.



A calor fai que se desconxelen
as fronteiras e os muros,
e fai que se anime o corazón abatido.



O lume do fogar e o lume do amor
son os ingredientes que fan falla
para poder ter un corazón vivo
e cheo de amor.

Como a labarada do
lume divino é o fogo
ardente do amor.
Nin as moitas augas
poden apagalo, nin os
ríos poden extinguilo.
Cantar dos Cantares
8, 6-7



Como familia
somos chamados a
ser fogar de portas
abertas e xunto a Él,
LUME PASCUAL

COMPARTINDO O CREDO PASCUAL

Celebrante Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos
que El nos agasalla, e facémolo dicindo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o
espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a
ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa pola alento
da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

Celebrante Nestes días de Pascua, deixándonos quecer
á beira do lume da fe, renovamos os nosos compromisos
na loita contra o mal.

Monitor/a

• Renunciades a cervos superiores aos outros; isto
é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo,
egoísmo e desprezo?

SI, RENUNCIO

• Renunciades a calar diante das inxustizas e das
necesidades das persoas e das institucións, por covardía,
preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

SI, RENUNCIO

- Renunciades aos criterios e comportamentos materialistas que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida; que poñen o pracer por riba de todo; que procuran o negocio como un valor absoluto, mesmo por enriba das persoas, e que aprecian o ben propio como anteposto ao ben común?

SI, RENUNCIO

Celebrante Deixándonos quecer á beira do lume da fe, renovamos agora o noso credo: o da esperanza, o do amor, o da vida en Cristo Resucitado.

Monitor/a

Credes en Deus,
Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo,
o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man resucitándonos para mellorar e medrar no coidado da vida cos demais?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para berrar ante os abusos, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados?

SI, CREEMOS

(en pé)

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante *Irmáns e irmás, sentíndonos quecidos no corazón de Deus, invoquemos a súa misericordia que nos convoca a amar a todos; oremos dicindo*

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

1. Para que, coma Ti, coas nosas palabras, sexamos exemplo de ilusión e esperanza para as persoas que se senten frustradas e crucificadas na vida, oremos

2. Para que, coma Ti, coas nosas mans, sexamos capaces de ter feitos de esperanza para quen se sente fracasado, oremos

3. Para que, coma Ti, dende o corazón, sexamos capaces de estar á beira de cantos hoxe se senten abandonados no esquecemento e na dor, oremos

4. Para que, como Ti, dende a vida, sexamos capaces de amosar a un Deus de vida que quere compartir a nosa vida. Oremos

5. Polas persoas afectadas polo virus, para que reciban os cuidados necesarios para saír adiante. Oremos

6. Polos voluntarios e profesionais da sanidade, para que non decaian no seu esforzo e saiban mostrar esperanza e amor aos que teñen ao seu cuidado. Oremos.

Celebrante Señor, Ti que nos queres vivos e dando vida, non deixes que os fríos de hoxe nos convertan en persoas mortas e baleiras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

4.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: Porque como Xesús queremos pousar as nosas vidas nas mans do Pai, pedimos hoxe que sexamos testemuñas do seu LUME de amor sendo coherentes e responsables facendo o seu Reino.
Dicimos: NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: PAZ CONVOSCO son as palabras do Resucitado. Acollamos pois esta paz e contaxiémola a todos, por iso hoxe queremos recordar a aqueles veciños que participan outras veces ao noso lado na celebración comunitaria da fe. (Podemos dicir en alto o nome de veciños e veciñas que botamos de menos)

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos a primeira comunidade de discípulos botaba a andar dando testemuño da Resurrección.

Aquel LUME pascual, aquela lareira, aquel fogar, é hoxe esta igrexa. Que compartamos de verdade a nosa fe sendo coherentes e responsables nesta situación actual que reclama estar atentos a todos nas súas necesidades.

Ditosos nós que en familia celebramos a nosa fe.

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL


Celebrante:

Señor, concédenos que o sacramento pascual que estamos a compartir, queza e avive sempre nos nosos corazóns, por Cristo, Noso Señor.

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

*ALELUIA !!
“CRISTO ESTÁ
RESUCITADO”*

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA

